

**ACTA NÚMERO 7/2015**  
**SESIÓN PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN DO**  
**CONCELLO DE TORDOIA QUE TIVO LUGAR O 3 DE XULLO DE 2015**

Sesión constitutiva da Corporación Municipal de Tordoia, resultante das Eleccións Locais celebradas o día 24 de maio de 2015

No Salón de sesións da Casa do Concello de Tordoia, sendo as 12:00 horas do día 3 de xullo de 2015, e para dar cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime xurídico electoral xeral e artigos 36 e 37 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitucións das Corporacións Locais e á elección de Alcalde/sa, electos/as nas eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015 e que segundo a ACTA DE PROCLAMACION DA XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 29 DE MAIO DE 2015 son os seguintes:

**POLO PARTIDO POPULAR**

- D. Antonio Pereiro Liñares
- Dona Maria Costa Calviño
- Don José Manuel Cancela Cancela
- Dona Inés Santos Pereiro
- Don Amadeo Cancela Fariña
- Dona Manuela González Pallas
- Don José Manuel Gómez Louzao
- Don Luis Vázquez Leis

**POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

- Dona M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

**POLO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE**

- Don Carlos García Vázquez
- Don Tomás Castro Liñares

Asiste como secretario acctal. O funcionario ALFONSO GARCIA FERREIRA, que da Fé do acto.

**ORDE DO DIA**

- 1.- CONSTITUCION DA MESA DE IDADE.-
- 2.- TOMA DE POSESIÓN DOS/AS CONCELLEIROS/AS.-
- 3.- ELECCIÓN DO ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN.-

**1.- CONSTITUCION DA MESA DE IDADE.-**

En primeiro lugar procédese á formación da mesa de idade que está integrada por D. Amadeo Cancela Fariña de 71 anos, concelleiro electo de maior idade, que pasa a presidila, e por Dna.

Inés Santos Pereiro de 34 anos, concelleira electa de menor idade, todo esto en cumprimento do artigo 195.2 da Lei de Réxime Electoral Xeral.

### COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

Compróbase, a credenciais e a continuación polo secretario procédese a dar cumprimento ao artigo 108.8 da Lei de Réxime Electoral Xeral que literalmente dí: “no momento de tomar posesión e para adquirir a condición dos seus cargos, os candidatos elector deben Xurar ou Prometer acatadamente a Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos na Lei ou Regulamentos respectivos”. E visto o artigo 1º do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de Xuramento ou Promesa en cargon e funcións públicas, **DON AMADEO CANCELA FARIÑA:**

¿Xura o Promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO DO CONCELLO DE TORDOIA, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado? **PROMETE**

#### DONA INÉS SANTOS PEREIRO

¿Xura o Promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO DO CONCELLO DE TORDOIA, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado? **PROMETE**

Faise constar polo Secretario que de conformidade co sinalado no artigo 195.3 da Lei de Réxime Electoral Xeral, a mesa de idade comprobará si as credenciais presentadas por cada un dos concelleiros/as electos/as coinciden coa relación que figura na acta de proclamación lida anteriormente.

Toma a palabra Dona Mª Pilar García Pereiro para manifestar que non vai tomar posesión de momento, por respecto aos concelleiros do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE teñen presentado un recurso ante a Xunta Electoral.

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos, que se manifestan da seguinte maneira:

Nome e apelidos dos candidatos	Candidatura na que están integrados
D. Antonio Pereiro Liñares	Partido Popular
Dna. María Costa Señaris	Partido Popular
D. José Manuel Cancela Cancela	Partido Popular
Dna. Inés Santos Pereiro	Partido Popular
D. Amadeo Cancela Fariña	Partido Popular
Dna. Manuela González Pallas	Partido Popular
D. José Manuel Gómez Louzao	Partido Popular
D. Luis Vázquez Leis	Partido Popular
D. Carlos García Vázquez	Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE. <i>AUSENTE</i>
D. Tomás Castro Liñares	Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE. <i>AUSENTE</i>
Dna. Mª Pilar García Pereiro	Bloque Nacionalista Galego

O secretario aclara que as persoas que non tomaron posesión do seu cargo pois poderán tomar posesión dos cargos ao logo da legislatura, previa cumprimentación dos requisitos legais.

PRESENTARON os seguintes concelleiros/as electos as declaracións de intereses e causas posibles incompatibilidades e actividades, así como de bens patrimoniais, da seguinte maneira:

- D. Antonio Pereiro Liñares
- Dona Maria Costa Calviño
- Don José Manuel Cancela Cancela
- Dona Inés Santos Pereiro
- Don Amadeo Cancela Fariña
- Dona Manuela González Pallas
- Don José Manuel Gómez Louzao
- Don Luis Vázquez Leis
- Don Tomás Castro Liñares
- M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

NON PRESENTA a declaración de interes o seguinte concelleiro:

- Don Carlos García Vázquez.

Si non presenta declaración, non adquire a condición de concelleiro

#### **ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA**

Para dar cumprimento ao artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral que literalmente dí: “ no momento de tomar posesión e para adquirir a condición dos seus cargos, os candidatos electos deben Xurar ou Prometer actamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos na Lei ou Regulamentos respectivos”. E visto o artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento ou promesa en cargos e funcións públicas, todos os concelleiros/as electos/as, agás os membros de mesa de idade que o fixeron no momento da Constitución daquela, e previa acreditación da súa personalidade ante a mesa de idade mediante a presentación da credencial de concelleiro/a electo/a expedida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, procede, na Orde que consta na certificación achegada pola Xunta Electoral, a Toma de posesión do cargo de Concelleiro/a do Concello de Tordoia utilizando a fórmula transcrita:

“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas de cargo de concelleiro/a do Concello de Tordoia, con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

A continuación, a Secretaria da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos, quenes de un e un emiten o seu xuramento ou promesa, que se manifestan da seguinte maneira:

<i>Nome e apelidos</i>	<i>Xuramento e promesa</i>
D. Antonio Pereiro Liñares	Si, Xuro
Dna. Maria Costa Calviño	Si, Xuro
D. José Manuel Cancela Cancela	Si, Xuro
Dna. Manuela González Pallas	Si, Xuro
D. José Manuel Gómez Louzao	Si, Xuro
D. Luis Vázquez Leis	Si, Xuro

Seguidamente o Presidente indca que a mesa de idade declara constituída a Corporación Municipal de Tordoia resultante das Eleccións Locais celebradas o 24 de maio de 2015.

Polo Secretario faise constar á Corporación Municipal que, segundo o disposto polo artigo 36.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, está a súa disposición o LIBRO DE INVENTARIO DE BENS DO Concello, así como o arqueo e demais documentación á que se refire o sinalado artigo, que custodia pola sercrearia xeral do Concello e presentes na sesión.

### **PRESENTACION DE CANDIDATURAS**

O Secretario Xeral manifesta que de acordo co artigo 196 da Lei de Réxime Electoral Xeral “ na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

A) poden ser candidatos todos os concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.

B) Se algún deles obtén maioría absoluta dos votos dos concelleiros/as é proclamado electo.

C) Si ningún deles obtén dita mairía, é proclamado alcalde o concelleiro/a que encabece a lista que houbese tido maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate, resolverase por sorteo.

Segundo o disposto no apartado A) do citado artigo 196, o Presidente da mesa de idade convida aos cabezas de listas dos partidos con representación municipal para que manifesten si se presentan á Elección de Alcalde.

Por parte da candidatura do Partido Popular maniféstase a presentación da candidatura do señor Antonio Pereiro Liñares como cabeza de lista.

### **ELECCIÓN DO ALCALDE**

A continuación procédese á elección de Alcalde mediante sistema de votación ordinaria (manalzada)dándose o seguinte resultado:

<b>Nome e apelidos do candidato</b>	<b>Alcaldía</b>	<b>Denominación da lista</b>	<b>Nº de votos</b>
ANTONIO PEREIRO LIÑARES		PARTIDO POPULAR	8

A Presidencia da mesa de idade, ao obter o candidato a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros/as, de conformidade co establecido no apartado B) do artigo 196 da Lei de Réxime Electoral Xeral, proclama electo ALCALDE electo do Concello de Tordoia a don ANTONIO PEREIRO LIÑARES.

### **TOMA DE POSESION**

A continuación don Antonio Pereiro Liñares procede a tomar posesión do cargo de alcalde do concello utilizando a fórmula disposta no Real Decreto 707/1979:

Don Antonio Pereiro Liñares

¿Xura o Promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE DO CONCELLO DE TORDOIA, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, *SI, XURO*

Seguidamente o Presidente da mesa de idade entrega a don Antonio Pereiro Liñares o bastón de mando da Alcaldía, pasando este a ocupar a presidencia da sesión.

A continuación toma a palabra o señor alcalde do Concello de Tordoia don Antonio Pereiro Liñares, dirixindo unhas breves palabras aos presentes.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 12:35 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario acctal.,

Alfonso García Ferreira